



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio publicación lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral.

Anuncio publicación lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021.

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía de data 18 de outubro de 2023, resolveuse o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS	DNI
JOSÉ RAMÓN CASAL ORZA	***8049**

RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUIDOS	DNI	CAUSA

SEGUNDO. As persoas excluídas, así como as omitidas na relación de admitidos ou excluídos, disporán dun prazo improrrogable de 10 días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro electrónico de anuncios do Concello, para corrixir os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os e as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos/os e excluídos/as, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará a composición do Tribunal e o lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

TERCEIRO. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na web municipal: <https://sede.touro.gal>.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Touro, 18 de outubro de 2023.

O Alcalde

Roberto Castro Rocamonde

2023/8272